

O problema do método e a evidencia do cogito en Descartes

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. Histórica

O pensamento cartesiano ven condicionado polos rechamantes acontecementos históricos que marcan o paso do mundo medieval ao mundo moderno. Simbolicamente considérase o descubrimento de América (1492) como o episodio que marca o fin da Idade Media. Aínda que só se trata dunha data emblemática, este acontecemento supón notables cambios, coma a evidencia de que os avances técnicos (o compás ou os instrumentos ópticos) permiten cambios fundamentais na vida e na comprensión do mundo. Estes instrumentos “descobren” unha “realidade” que antes “non existía” e isto marca profundamente o pensamento da época.

Por outra banda, a irrupción da Reforma Protestante a partir de 1517 abrirá un clima de división relixiosa en Europa que rematará nun cisma político entre católicos e protestantes. Europa quedará dividida en dos bandos e perderá a unión e a forza que lle deu a cristiandade. A culminación deste enfrontamento é a *Guerra dos 30 anos* (1618-1648), na que participará o propio Descartes. Trátase dunha guerra de consecuencias desastrosas e gran devastación que causará un forte trauma no espírito da época.

No eido económico, o século XIV sufrirá un encadeamento de acontecementos adversos como pestes, cambios climáticos e malas colleitas que fulminará gran parte da poboación europea. Os superviventes acumularán capital a través de herdanzas e outras formas patrimoniais que axudará a configurar un mundo urbano novo: a consolidación dunha clase social capaz de entender a situación e sacarlle proveito. Os séculos vindeiros verán medrar unha burguesía salvaxe gañándolle terreo á nobreza ata desbancala por completo nas grandes revolucións do período ilustrado; estase a configurar un novo mundo baixo a ideoloxía liberal que nos leva ao capitalismo.

1.2. Cultural e filosófica

A modernidade caracterízase polo auxe da técnica e da innovación que abrirá novos horizontes en tódolos campos. No plano científico desenvolverase a física e a óptica como ciencias destacadas (grazas á óptica, Galileo pode dirixir en 1610 o seu novo telescopio aos ceos e comprobar que o paradigma cosmolóxico aristotélico-ptolemaico estaba errado). En 1590 Zacharias Janssen inventa o microscopio que abre horizontes perceptivos a rexións nunca antes imaxinadas pola humanidade. Isto provoca que se estenda a idea de que o mundo que captamos depende dos instrumentos cos que o percibimos e que a imaxe do mesmo varía, radicalmente, en función deles. Aparece a idea de que: **o papel do suxeito é fundamental no proceso de coñecemento** e de que **quizás as cousas non son como as coñecemos**.

Copérnico (1473-1543), Galileo (1564-1642), Brahe (1546-1601) Kepler (1571-1630) levarán a cabo a chamada **revolución científica** que culminará Newton (1643-1727) coa *Lei de Gravitación Universal*. Cos seus logros porán de manifesto que o coñecemento humano pode avanzar grazas a un método rigoroso e á aplicación das matemáticas. A aspiración dos científicos é lograr reducir a complexidade do mundo empírico a simples formulas matemáticas. Os filósofos apaixónanse ca idea de que a matemática pode ser a solución das grandes preguntas da humanidade e intentan imitar aos científicos nos seus razoamentos (todos os filósofos dos séculos XVII e XVIII son grandes matemáticos); a matemática forma parte da filosofía moderna e non se entende sen ela. Unha onda de optimismo no progreso e na tecnoloxía invade Europa: a humanidade avanza cara a unha sociedade mellor, o progreso existe; é o inicio do **relato da modernidade**.

1.3. Contexto vital e produción filosófica de Descartes

René Descartes naceu en 1596 en La Haye, na Turena francesa. Recibiu unha boa educación no Colexio xesuíta de *La Flèche* dende 1606 ata 1614 que deixoulle a pegada da filosofía escolástica. Despois licenciouse en Dereito pola Universidade de Poitiers en 1616; por esta época le a Agostiño, que influiría notablemente na súa noción de Deus. Le tamén ao escéptico Montaigne de quen tomará o concepto de **dúbida como método**. Pero Descartes sempre tivo a sensación da insuficiencia da educación que recibía; non conseguía a certeza que el quería no que aprendía. En 1619 alistouse no exército e loitou na Guerra dos 30 anos, pensou que debía abrirse ao mundo e coñecelo de primeira man, algo que non consideraba posible quedándose no ambiente teórico e académico. En novembro de 1619, afirma ter soños nos que se lle revela a necesidade de elaborar unha **ciencia universal e un método de investigación común** para todas as ciencias. Excelente matemático, descubre o teorema de Euler sobre os poliedros e avanza no seu proxecto para unificar a aritmética e a xeometría. Mantén contactos con intelectuais e científicos de toda Europa. Finalmente en 1629 establécese nos Países Baixos, un país que permitía a liberdade de expresión. Morre dunha neumonía (o pode que envelenado) en 1650, despois de aceptar a invitación da raíña Cristina de Suecia e abandonar Holanda.

As súas obras máis importantes son:

- *Regras para a dirección do espírito*

- *O Discurso sobre o método*, (que se convertería na Carta Magna da nova filosofía - a filosofía moderna)

- *As Meditacións metafísicas*

1.4.- Racionalistas vs empiristas

Descartes vive o enfrontamento que se produce no século XVII entre dúas maneiras de pensar que veñen de atrás, conformándose como dúas tradicións contrapostas e que se consolidan neste momento.

Racionalismo	Empirismo
Propio do continente	Desenvólvese fundamentalmente nas illas británicas
Confianza ilimitada na razón	A confianza na razón é limitada e suxeita á experiencia
O coñecemento é ilimitado. Xustificación e defensa do coñecemento metafísico e uso abusivo da razón (razón dogmática)	O coñecemento é limitado. Este límite é a experiencia. Crítica á metafísica á que exclúe como coñecemento.
Distingue dous tipos de representacións: conceptos ou ideas (universal e abstracta) e sensacións (particulares e concretas).	Funden as nocións de idea e imaxe, negando representacións universais e abstractas. Para un empirista, as representacións -todas- teñen a súa orixe na experiencia e son imaxes do particulares e concretas.
Defende a existencia innata de ideas	Negan o innato das ideas na medida en que sosteñen que todo o coñecemento procede da experiencia. Nada hai na mente antes de nacer.
Partidarios do método dedutivo. As matemáticas son o modelo como método de coñecemento	Partidarios do método indutivo (ciencia empírica). A física é o modelo e o método de coñecemento
Seguridade no coñecemento (aplicación do método). A dúbida metódica inicial e superada.	O coñecemento só é crenza, opinión e costume. Crítica da idea de causalidade (causa-->efecto). Caen no escepticismo

	metodolóxico e conseguinte resultado do fenomenismo (Hume).
--	---

2. O MÉTODO DE DESCARTES

2.1.- Necesidade do método

Descartes considera que debe elaborarse un **novo método** para o saber humano porque a vella metodoloxía non permite abordar correctamente os problemas e é fonte de confusións e enfrontamentos. A nova proposta cartesiana pasa por:

- abandonar a dedución aristotélica (a lóxica aristotélica está absolutamente caduca),
- necesidade dun método universal que unifique todas as ciencias (non pode ser que cada ciencia teña o seu método),
- concreción dun método racional universal cuxa referencia sexa o da xeometría analítica,
- un criterio de verdade indubidable. Establece a **verdade como adecuación**; esta verdade non ten posibilidade de dúbida e por tanto merece a cualificación de certeza, é dicir, de absolutamente certa,

2.2.- Definición do método

Entende por **método** *a constitución de nunhas regras certas e fáciles de usar, grazas as cales, todos os que as sigan, non tomarán nada falso por verdadeiro e acadarán o coñecemento verdadeiro*. Polo tanto o método é unha técnica para evitar erros e aumentar coñecementos (descubrir novas verdades que permitan progresar as ciencias).

2.3.- Partes do método

O método cartesiano ten dúas partes: unha **descendente** (a división, **análise** ou descomposición na que se destrúen prexuízos e falsas verdades) e outra **ascendente** (a **síntese** ou composición na que se recompón o saber). As regras do método que propón Descartes son catro:

Primeira parte: análise (regra 1ª e 2ª)

- **Regra 1, Evidencia:** *«Non admitir xamais como verdadeiro cousa algunha sen coñecer con evidencia que o era: é dicir, evitar con todo coidado a precipitación e a prevención, e non comprender nos meus xuízos máis nada que o que se presentase tan clara e distintamente ao meu espírito que non tivese ocasión algunha para poñelo en dúbida»*. Consiste en non admitir como verdadeiro nada do que non se sabe que é certo, evitar precipitacións e aceptar só o que se presenta como **claro e distinto** ao espírito. Esta primeira regra ten dúas partes: a **claridade** (defínese como unha propiedade da percepción pola que está presente e maniféstase ao espírito atento, e a **distinción** (que se nos presente cunha separación gnoseolóxica total ou delimitación de fronteiras con respecto a todo o coñecemento que constitúe o seu contorno).

- **Regra 2, Análise:** *«Dividir cada unha das dificultades que examinase en tantas partes como fose posible e como requirise para resolvelas mellor»*. Consiste en dividir cada dificultade en tantas partes como sexa posible. A división das dificultades terá un límite que estará representado polo que se chama "naturezas simples". O propósito da división é alcanzar estas naturezas simples que son elementos indivisibles que constitúen o último termo do coñecemento máis alá do cal non se pode ir. Estas naturezas simples constitúen así o último termo de análise e a partir delas comeza a síntese. Descartes chega á natureza máis simple que é o *cogito*, a partir dela iniciará de novo o edificio do saber.

Segunda parte: síntese (regra 3ª e 4ª)

- **Regra 3, Síntese:** *«O terceiro, é conducir por orde os meus pensamentos, comezando polos obxectos máis simples e máis fáciles de coñecer para ascender aos poucos, como por graos, ata o coñecemento dos máis compostos, supoñendo incluso unha orde entre os que se preceden naturalmente uns a outros»*. Consiste en conducir os pensamentos de xeito ordenado comezando polos obxectos máis sinxelos ou as naturezas simples e fáciles de coñecer para ir ascendendo aos máis complexos. Trátase de deducir todas as ideas e consecuencias que se derivan dos principios absolutamente verdadeiros. Así, a síntese constrúese como un proceso ordenado de dedución no que unhas ideas están necesariamente ligadas a outras. Polo tanto, no proceso dedutivo, non só o complexo reconstrúese a partir dos seus elementos simples e verdadeiros, senón que o coñecemento amplíase con novas verdades.

- **Regra 4, Enumeración:** *«E o último, é realizar en todo, uns recontos tan completos e unhas revisións tan xerais que puidese estar seguro de non omitir nada»*. Trátase de comprobar que non hai erro en todo o proceso analítico-sintético. É necesario facer recontos exhaustivos e periódicos de comprobacións de cada paso para asegurarse de que non se produciu un enlace de balde e por tanto falso.

3.- METAFÍSICA

3.1.- A evidencia do *cógito*

Para chegar á **evidencia**, Descartes propón unha estratexia: **a dúbida**. É unha dúbida metodolóxica (que usa como método) que debe permitir eliminar da mente todas as supostas certezaas que nunca foron demostradas e que entorpecen o coñecemento. Descartes non concibía a dúbida como un estado crítico definitivo (como foron os antigos escépticos), senón como unha situación transitoria. Deste xeito, a dúbida convértese nunha fonte de certeza. Pero para ser unha fonte de certeza absoluta, debe ser unha dúbida absoluta (que non quede nada do que non esteamos seguros). Descartes levaraa ao extremo absoluto dubidando absolutamente de todo.

Presenta catro niveis da dúbida:

1º: Dúbida acerca do coñecemento que proporcionan os sentidos: Descartes sostén que, dado que ás veces os sentidos nos enganar, é prudente non confiar neles. Rexeita, pois, os datos dos sentidos como fonte de coñecemento.

2º: Imposibilidade de distinguir o soño da vixilia: A dúbida sobre o coñecemento sensible non é suficiente para poñer en sospeita todo o coñecemento. A incapacidade de distinguir o soño da vixilia, por esaxerado que pareza, ha de conducirme non só a estender a dúbida a todo o sensible, senón tamén ao ámbito dos meus pensamentos, comprendendo as operacións máis intelectuais, que en absoluto parecen derivar dos sentidos. A indistinción entre o soño e a vixilia lévame a ampliar a dúbida do sensible ao intelixible, de modo que todos os meus coñecementos parécenme agora moi incertos.

3ª: Dúbida das matemáticas: neste momento da dúbida, di Descartes, que lle parece ter certos coñecementos dos que razoablemente non pode dubidar: os coñecementos matemáticos. Pero seguidamente afirma a posibilidade de que o mesmo Deus que o creou puidéao ter creado de tal maneira que, cando xulga “ $2+2=4$ ” estea a se equivocar. De feito permite as veces as equivocacións matemáticas, porque non podería permitilas sempre. Por tanto todos os meus coñecementos serán dubidosos, incluídos os matemáticos.

4ª A hipótese do xenio maligno ou Deus enganador: finalmente Descartes pensa na hipótese dun Deus pero non ten por que supoñer que ese Deus sexa bo; podería ser un xenio maligno, onnipotente pero astuto con vontade de facerme errar; eso faría que todo o que penso como verdadeiro fose un engano divino. Nesta caso está ante a dúbida universal porque pon en dúbida todo o noso coñecemento, de xeito que nada está fóra do alcance da desconfianza (esta idea non é orixinal de Descartes xa ten un claro precedente na gnoseoloxía intuicionista de Guillermo de Ockham).

Conclusión: A dúbida universal: a dúbida cartesiana progresa, pois, do sensible ao intelixible, abarcando a totalidade dos meus coñecementos, a través dos catro momentos sinalados anteriormente. Non só debo dubidar de todos os coñecementos que proceden dos sentidos, senón tamén daqueles que non parecen proceder dos sentidos, xa que son incapaz de eliminar a incerteza que os rodea.

3.2.- A primeira certeza:

3.2.1.- o *cógito*. “*Cógito, ergo sum*” (*Penso, logo existo*)

Despois da desoladora situación na que atópase Descartes véndose obrigado a dubidar de todo, o filósofo dáse de conta, con todo, de que para ser enganado ha de existir, polo que percibe que a seguinte proposición: "penso, existo", ("cogito, sum"), ha de ser certa; polo menos mentres está a pensar está a existir. Os pensamentos sempre deben ter un contido e ese contido son eu: *"De modo que logo de pensalo e examinar coidadosamente todas as cousas, hai que concluír, e ter por seguro, que esta proposición: penso, existo, é necesariamente verdadeira, cada vez que a pronuncio ou a concibo no meu espírito"*. Esa proposición supera todos os motivos de dúbida: mesmo na hipótese da existencia dun xenio malvado que fixera que sempre me equivocara (cando penso que 2 e 2 son catro ou en calquera outro caso), é necesario un suxeito; para que me equivoque debo existir. Esta proposición, "penso, existo" preséntase, logo, con total claridade e distinción, de modo que resiste todos os motivos de dúbida e goza de absoluta certeza. É a primeira verdade da que podo estar seguro, da que podo dicir que é evidente. Dado que as características coa que se me presenta tal evidencia son a claridade e distinción, e estas son as dúas propiedades que Descartes considera que debe reunir toda proposición para ser considerada verdadeira.

Acusouse a Descartes de querer deducir a existencia do pensamento, observación que xa foi realizada por Gassendi e que o mesmo Descartes encargouse de refutar. Con todo, a expresión "penso, existo", parece deixar claro que se trata dunha intuición, da intuición da primeira evidencia, da primeira verdade que se presenta con certeza e que supera todos os motivos posibles de dúbida, e non dunha dedución. Esa primeira verdade aparece súbitamente mentres Descartes está a repasar os motivos que tiña para dubidar de todas as cousas; dun modo inmediato, pois, percibe con claridade que para pensar ten que existir, e que a proposición que expresa esa "intuición" ha de ser necesariamente verdadeira.

Unha vez descuberta esa primeira verdade, e seguindo a estrutura do seu propio método, Descartes propoñeráse reconstruír sobre ela todo o edificio do saber e, ao modo en que operan os matemáticos, é dicir, por dedución, tratará de extraer todas as consecuencias que se seguen dela.

3.2.2.- . A reconstrución

- A análise do eu

Que son eu? Unha cousa que pensa dirá Descartes. E que é unha cousa que pensa?. Unha cousa que sente, que quere, que imaxina... Descartes atribúe ao pensamento os caracteres dunha substancia, facendo do “eu penso” unha "cousa", e asignándolle uns atributos. “Demostrou” a existencia do eu pero a dúbida segue vixente con respecto á existencia de cousas externas, polo que o único camiño no que se pode seguir avanzando é dedutivamente a través da análise dese "eu penso" ao que Descartes caracteriza como unha substancia pensante, como unha cousa que pensa. Que é o que hai no pensamento? Contidos mentais, aos que Descartes chama "ideas". A única forma de progresar é, pois, analizando devanditos contidos mentais, analizando as ideas.

- A análise do contido da mente: as ideas

Distingue Descartes tres tipos de ideas: unhas que parecen proceder do exterior a min, ás que chama "**ideas adventicias**"; outras que parecen ser producidas por min, ás que chamase "**ideas facticias**"; e outras, por fin, que non parecen proceder do exterior nin ser producidas por min, ás que chamará "**ideas innatas**". As ideas adventicias, na medida en que parecen proceder de obxectos externos a min, están sometidas á mesma dúbida que a existencia dos obxectos externos, polo que non poden ser utilizadas no avance do proceso dedutivo; e o mesmo ocorre coas ideas facticias, na medida en que parece ser producidas por min, utilizando ideas adventicias coma base, debendo quedar por tanto tamén sometidas a dúbida. Só nos quedan as ideas innatas.

- A demostración da existencia de Deus

Trátase de eliminar a posibilidade de que esas ideas poidan ser producidas por min. Para aseguralo Descartes analiza dúas desas ideas, a de **infinito** e a de **perfección**. O argumento que dá de que non poden ser causadas por min é: dado que eu son finito e imperfecto, non podo extraer esas ideas de min, só poden ser causadas por un ser que as teña como propiedades, e postas en min por ese ser. Ese ser infinito e perfecto é a causa das ideas de infinito e de perfección que hai en min. A partir deste argumento Descartes argalla a demostración da existencia de Deus.

- A demostración da existencia do mundo

Unha vez demostrada a existencia de Deus, e dado que Deus non pode ser imperfecto (e perfecto significa bo) senón non sería Deus, elimínase a posibilidade de que me creara de tal maneira que sempre me enganara, así como a posibilidade de que permitira a un xenio malvado enganarme constantemente, polo que os motivos aducidos para dubidar das verdades matemáticas, de todo o intelixible e de todas as verdades que parecen derivar dos sentidos, quedan eliminados. Podo crer por tanto, na existencia do mundo, é dicir, na existencia dunha realidade externa a min, con a mesma certeza coa que se que é verdadeira a proposición "penso, existo."

3.2.3.- As tres substancias

Como resultado da dedución anterior, Descartes móstrase seguro da existencia de tres substancias:

- Unha substancia infinita, Deus, que é a causa última doutras dúas substancias finitas,
- Unha "**res extensa**", é dicir, o "mundo", as realidades corpóreas, cuxa característica esencial é a extensión,
- Unha "**res cogitans**" ou substancia pensante, de carácter non corpóreo, non extenso, unha substancia inmaterial, cuxa característica esencial é o pensamento.

4.- PROBLEMAS NA FILOSOFÍA DE DESCARTES

Unha vez recoñecida a actividade do pensamento (é dicir a existencia do *cogito*) non hai maneira lexítima de deducir nada mais, xa que todo outro elemento quedou invalidado pola dúbida metódica que estableceu Descartes. A filosofía do francés remata así ancorada nun punto sen saída nin retorno posible: o suxeito só coñece con certeza a súa propia existencia e nada máis. A isto chamámoslle **solipsismo** (*ego solus ipse* = só eu existo) ou **encapsulamento**.

A filosofía racionalista remata, pois, de xeito insatisfactorio por intransixente: non hai forma de recuperar o coñecemento do mundo e este queda cancelado para o suxeito. Descartes, intenta unha saída desesperada que rompe o curso esixente e racional da súa filosofía: a construción da existencia dun Deus que lle sirva ao *cogito* para restablecer o mundo e o saber. Pero a progresiva secularización da filosofía fará que esta parte do

seu pensamento (a solución de Descartes depende da aceptación da existencia de Deus), sexa rexeitada por moitos que buscarán a solución ao problema da conexión suxeito-mundo, mediante alternativas como é a filosofía dos empiristas ou o idealismo transcendental de Kant.